

Orixe e construción

1921

4

2021

Os principais, que formaban un pentágono, e os dous diagonais, compuñan os catro macizos de paseos secundarios trazados do seguinte modo: un orientado ao Norte de trazado xeométrico, cunha praza circular central, outro orientado ao Sur contiguo ao paso da terraza cun pequeno estanque para aves acuáticas e peixes, que ademais da súa misión decorativa e de recreo, podía servir para regularizar e distribuír a rega no resto do parque. Había outro que pola súa situación resultaba máis illado e tranquilo, e destinado para o estudo, onde se tiña proxectado instalar unha biblioteca popular. Unha das prazas, a elíptica, decorábanse cunha gran fonte monumental, e a circular situada na terraza, cun quiosco da música.



O alcalde Ángel López Pérez na ponte do estanque e no fondo o Café Venecia



Deseño de Ramiro Sainz do edificio destinado á pavillón de recreos

castiñeiros para recreos familiares.

O 14 de marzo de 1922 aprobouse o proxecto (99.424 pesetas) cuxa partida máis elevada estaba destinada ao movemento e transporte de terras (40.960 pesetas).

O desenvolvemento das obras

En 1923 cesa toda a corporación municipal polo directorio militar presidido polo xeneral Miguel Primo de Rivera, saíndo da alcaldía Ángel López Pérez. Coa nova corporación continuaron as obras, aínda que a un **ritmo moi lento**.

A finais de 1925 fíxose cargo das obras do parque o novo arquitecto municipal Ricardo García Puig (1925-1926).


En 1927, Ángel López Pérez de novo na alcaldía, preocupábase de **relanzar e terminar as obras do parque**. Nese ano intervéñen o arquitecto municipal Eloy Maqueira que enseguida se pon a traballar para rematar o que aínda quedaban.

O parque tardou nove anos en facerse, as obras iniciáronse en 1922 e aínda que en 1924 xa era utilizado polo público, non se terminaron ata 1931.

Os desniveis e ondulacións aproveitábanse para construír terrazas e escaleiras no seu primeiro bancal, e as partes planas do segundo bancal, e *skating* e *invernadoiros*. Na parte inferior conservábase un vello souto de




Había quen se preguntaba como facer xardíns por aquela pendente ata a estrada de Santiago



Escanéame para leerme en castellano!


Concello de Lugo
ALCALDÍA
Medio Ambiente



LUGO
cidade viva